



GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500

# DE PRANZOS E CANZOS

Concerto de Nadal



Luns 29 de decembro de 2025 ás 20:00 h.  
Museo das Peregrinacións. Santiago



Deputación  
DA CORUÑA



Deputación  
DA CORUÑA

Este programa foi editado pola AC O Galo de Santiago  
de Compostela, coa colaboración da Excelentísima  
Deputación Provincial da Coruña, como  
agasallo para as persoas asistentes  
ao concerto de nadal.



## Lévoche no corazónhe,

lévoche no corazónhe  
aquí 'stamos todos xuntos,  
Mazaricos e Corzónhe  
Ond'as d'ir á iherba  
que ch'hei d'ir erguer  
dareich' un abrazo  
Maruxeiriña do meu querer.  
Un abraso non  
meu lindo rapás  
porque' as consecuensas  
meu queridiño veñen d'atrás



## Lévoche no corazónhe...

E déixame subir  
ó cuarto da criada  
e déixame subir  
que non lle fago nada  
morena por ti

## Lévoche no corazónhe...

## PROGRAMA

<i>Direi vos senes duplansa</i> (instr.)	Marcabré (c.1100-c.1150)
<i>Lo plaing comenz iradamen</i>	Cercamon, S.XII. Música: Andrés Díaz
Muiñeira (instr.)	Florencio, Vilares-Baleira
<i>Bernaldino e Sabeliña</i>	Anónimo, Beade-Ribadavia (CS)
<i>Que ben se soub'acompanhar</i>	Pero da Ponte, S. XIII/ Música: elaboración sobre a <i>Cantiga 68 de Stª María</i>
<i>Dies Irae</i> (instr.)	Elaboración de 1500 sobre a música do himno de Tomás de Celano, c.1190-1260
<i>Pranto da Frouxeira</i>	Romance tradicional S. XVII/ Música: Juan del Encina (1468-1529)
<i>Cantiga 316</i> (instr.)	Corte de Afonso IX "O Sabio" (S.XIII)
<i>Romance do Cego Andante</i>	Anónimo, A Coruña (CS)
<i>Canto</i> (Instr.)	María, Cruceiro-Xove (SCH)
<i>O ferreiro vai fóra</i>	Elisa, O Bolo e Florencio, Vilares-Baleira (SCH)
<i>Lévoche no corazónhe</i>	Veciños de Mazaricos (SCH)

## FONTES

CS: Sampedro y Folgar, Casto (1942), *Cancioneiro Musical de Galicia*, Pontevedra, El Museo de Pontevedra.

SCH: Schubarth, Dorothe e Santamarina, Antón (1988), *Cancioneiro Popular Galego*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.

## MÚSICOS

Belén Bermejo, canto e percusión  
Berta Ares, fídula e violín barroco  
David Bellas, gaita medieval e frautas  
Andrés Díaz, cítola medieval, vihuela e frautas



## NOTAS AO PROGRAMA

O programa desta noite xira arredor do *Pranto da Frouseira*. O seu carácter, entre o culto e o tradicional, e a súa métrica de romance serven de escusa ao noso grupo para adaptalo á música dun romance de Juan del Encina, *Mi libertad en sosiego*. É este un autor que amosou tamén, ao longo da súa obra, grandes dotes para asimilar a poesía de orixe popular. Así, as pezas do concerto de hoxe, escollidas de proxectos aparentemente moi diversos, nos que estivemos a traballar este ano que remata, mesturan tamén, sen solución de continuidade, o culto e o popular. Amosamos así como o carácter modal de moitas das nosas músicas se fusiona con naturalidade con pezas que as precederon en varias centurias.

O texto do *pranto*, que figura no centro do programa, relata a traizón e posterior axustizamento do mariscal Pardo de Cela. Aparece recollido no *Memorial de la Casa de Saavedra*, impreso en Granada en 1674 e cuxo autor resulta ser Fernando de Saavedra Rivadeneyra. Hai consenso entre os principais estudosos do asunto (José Antonio Souto Cabo, Xohán Xabier Baldomir Cabanas ou Xosé Ramón Pena, entre outros) en que o romance é unha falsificación no tocante á súa cronoloxía. É dicir, non data de comezos do século XVI, como pretende o seu autor, senón que sería composto a propósito en 1674, co obxectivo de xustificar diante do rei Carlos II, os ascendentes nobiliarios do autor, entre os que figuraba Pardo de Cela. Sexa como for, desde a súa divulgación no século XIX, que iniciou Benito Vicetto ao incluílo na súa novela *Los hidalgos de Monforte* (1851), o romance ten cobrada xusta fama pola transcendencia, para a historia de Galiza, dos feitos que nel se relatan.

O *Pranto da Frouseira* ven acompañado no concerto, por outros dous prantos medievais directamente vinculados co Reino de Galiza. Estes dous prantos son unha pequena escolma das pezas que formaron parte, recentemente, dun concerto incluído no proxecto *Laudatio Funebri*, de *a Central Folque*, merecedor dun primeiro premio no certame “Fondos de proxectos culturais Reino de Galiza” da Deputación da Coruña.

O primeiro dos prantos é o *planh* máis antigo conservado en occitano, composto polo trovador Cercamon en memoria de Guillerme X de Aquitania († 1137), falecido durante unha peregrinación a Compostela ou, segundo indica o propio pranto, quizais na mesma cidade. O propio Cercamon é un dos primeiros *troubadours* occitanos coñecidos, só precedido no tempo polo pai de Guillerme X, isto é, Guillerme IX (1071-1126). O segundo é un dos dous prantos que Pero da Ponte dedica á morte

/: I o ferreiro vai fóra :/

i a muller tamén  
mira Pepe,  
i a muller tamén.

/: Estaba detrás da porta :/

i eu non che sei con quen  
mira Pepe,  
i eu non che sei con quen.

/: Estaba mallando o ferro :/

e non lle saliu ben,  
mira Pepe,  
e non lle saliu ben.

/: Teño tres estriguiñas :/

teño qu'arrestrelar,  
mira Pepe,  
teño qu'arrestrelar.

/:O restrelo está romo:/

non quere arrestrelar,  
mira Pepe,  
non quere arrestrelar.

/:O ferreiro qu`o fizo:/

heino de pasear,  
mira Pepe,  
heino de pasear.

/:Eu perdín o xustillo:/

o cordón del tamén,  
mira Pepe,  
o cordón del tamén.

/:I eu perdín as calcetas:/

i as zoquiñas tamén,  
mira Pepe,  
i as zoquiñas tamén.

/:Non os perderas nena:/

que eu non son almacén,  
mira Pepe,  
que eu non son almacén.



## Romance do Cego Andante / O Conde Alberto

Ábreme a portiña,  
ábreme o postigo,  
dáme do teu lenzo  
¡ai meu ben!  
que veño ferido.

Pois se vés ferido  
vés a mala hora,  
que as miñas portiñas  
¡ai meu ben!  
non se abren agora.

Miña nai esperte,  
nin tanto durmir,  
veña ouvir un cego  
¡ai meu ben!  
cantar e tañir.

E se el canta e pide  
dálle pan e viño,  
dille ó triste cego  
¡ai meu ben!  
que siga o camiño.



Non quero o seu pan,  
nin quero o seu viño,  
quero que Rosiña  
¡ai meu ben!  
me ensine o camiño.

Colle, ou Rosiña!,  
a roca e o liño,  
vai co triste cego  
¡ai meu ben!  
dicirllle o camiño.

Anda, ou Rosiña,  
máis outro pouquiño,  
son curto de vista  
¡ai meu ben!  
non vexo o camiño.

De condes e duques  
xa fun pretendida  
e agora dun cego  
¡ai meu ben!  
véxome rendida.

Eu non che son cego,  
nin Dios o permita,  
sonche o conde Alberto  
¡ai meu ben!  
que te pretendía.

Adeus miña casa,  
adeus meus quintais,  
adeus compañeiras  
¡ai meu ben!  
para nunca máis.

dos pais de Afonso IX “O Sabio”, Fernando III e Beatriz de Suabia. Están escritos en pleno século XIII, o período de máximo esplendor da literatura trobadoresca galego-portuguesa, da que Pero da Ponte, con 53 textos conservados, é un dos máis prolíficos representantes. escoitaremos no concerto o que lamenta o pasamento de Fernando III († 1252), fillo de Afonso VIII de Galiza e León.

Entreverando estas pezas de carácter fúnebre, atopamos diversas pezas de música tradicional galega que formaron parte do programa que tivemos ocasión de interpretar no pasado mes de setembro, dentro do “Segundo serán galego en Viena”, un espazo que pretende propiciar o encontro entre as culturas galega e austríaca, organizado conxuntamente polos festivais ViertelBarock (Viena) e Espazos Sonoros (Galicia). Se o ano pasado conmemorouse a obra da poeta coruñesa Luísa Villalta, desta volta púxose o foco na música e na lingua galegas, para celebrar e recoñecer os valores da poesía popular transmitida a través da oralidade de xeración en xeración.

Daquela, incluímos en primeiro lugar unha “muiñeira”, neste caso interpretada con violín, reproducindo así a versión que tocaba o famoso Florencio López, o chamado “cego dos Vilares”, en referencia ao seu lugar de orixe, na montaña galega. Florencio foi un dos últimos violinistas cegos itinerantes de Galicia, e del se conservan diversas gravacións fonográficas, e tamén en vídeo (xa nos últimos anos da súa vida). Despois desta introdución instrumental, poderemos escoitar un romance, recollido nunha das primeiras compilacións de música tradicional galega, o cancionero de Casto Sampedro. Non resulta sinxelo trazar a orixe destes romances, mais podemos supoñer que o pobo se inspirou, recolleu e transformou romances coñecidos das máis diversas procedencias, ademais de crear os seus propios. O precedente do *Romance de Bernaldino e Sabeliña* é un *lai* bretón medieval. Máis adiante no programa, escoitaremos tamén outro romance o do Cego Andante ou tamén chamado *Romance do Conde Alberto*, con temática de carácter cabaleiresco. Mais antes, interpretaremos instrumentalmente unha *Cantiga de Santa María*, do rei Alfonso IX “O Sabio”, proba, como xa dixemos, do ben que combinan repertorios aparentemente tan distantes no tempo.



Cara o final do programa escoitaremos a versión á gaita dunha fermosa cantiga popular, que preludia unha peza tradicional, que goza na actualidade de merecida fama: *O ferreiro vai fóra*. Consérvanse varias letras recollidas en diversos puntos de Galicia e, como sucede con tantas outras pezas do repertorio, aínda que as letras e as rimas coinciden, as músicas non sempre o fan. Neste caso xuntamos textos recollidos en dous puntos bastante distantes da xeografía galega como son Xove, na costa norte de Lugo, e Baleira, na montaña desa mesma provincia. A melodía neste caso, será a que se interpretaba en Xove, e non a de Florencio. E remata o programa cun canto de carácter comunal, *Lévoche no corazónhe*, con carácter alegre e de festa, como corresponde á celebración do encontro e amizade entre veciños que enxalza a peza, e que aquí queremos tamén celebrar.



### GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500

Dirixido por Andrés Díaz e fundado en 2005, é unha formación vocal e instrumental dedicada á interpretación da música antiga. O seu repertorio comprende desde a música composta nos séculos centrais e finais da Idade Media até a música do Renacemento e do primeiro Barroco, tomando como referente central o ano 1500 que dá nome ao grupo. As persoas que o integran contan cunha ampla traxectoria concertística, sendo membros ou colaborando asiduamente con outras formacións de ámbito nacional e internacional (Martin Codax, Resonet, Malandaça, Vox Stellae, Il Combattimento, Fía na Roca, Vai Trío, Cuarteto Alicerce, Pres de Cambrai, Silva de Sons, Ensemble Rosarum Flores Austria, VIVID Consort, Ensemble Freymut) e levan ofrecido numerosos concertos en Galicia, España e no resto de Europa.

### Pranto da Frouseira

A min me chaman Todomira  
señora do gran tesouro  
por estrela clarecida  
xago neste Vale douro

Mais traidor foi que un mour  
o vilán que me vendeu  
que de Lugo e Ribadeu  
todos me tiñan tremor

De min, a triste Frouseira  
que por traición foi vendida  
derrubada na ribeira  
que xamais se veu vencida

Por traición tamén vendido  
Xesús noso Redentor,  
e por aquestes traidores  
Pero Pardo, meu señor.

Vintedous foron chamados  
os que vendido lo han,  
non por fame de sustento,  
de carne, viño nin pan

Nin por outro menester  
que falsean de bondade  
senón por súa vilancia  
e mais por mala intención

Eles quedan por traidores  
e o seu amo por leal,  
pois os res á súa filla  
as súas terras manda dar.

A Deus darán conta delo  
que lles queira perdoar,  
co que acabou a Frouseira  
e a vida do Mariscal.



## Que ben se soub'acompanhar

Nostro Senhor esta sazón,  
que filhou tan bon companhon,  
de qual vos eu quero contar:  
rei Don Fernando, tan de prez,  
que tanto ben no mundo fez  
e que conquis de mar a mar!

Tal companhon foi Deus filhar  
no bon rei, a que Deus perdon,  
que ja máis non disse de non  
a nulh'ome por lh'algo dar  
e que sempre fez o melhor:  
por én xo quis Nostro Senhor  
põer consigo par a par!



E quant'ome en el máis falar  
tant'achará melhor razon,  
ca dos reis que foron nen son  
no mundo, por bon prez  
guaanhar,  
este rei foi o melhor rei,  
que soub'eixalçar nossa lei  
e a dos mouros abaixar.

Mais, u Deus pera sí levar  
quis o bon rei i, log'enton  
se nembrou de nós, poi-lo bon  
rei Don Afonso nos foi dar  
por senhor; e ben nos cobrou,  
ca, se nos bon senhor levou,  
mui bon senhor nos foi leixar.

E Deus bon senhor nos levou,  
mais, pois nos tan bon rei leixou,  
non nos devemos a queixar.  
Mais façamos tal oraçon:  
que Deus, que prês mort'e  
paixon,  
o mande muito ben reinar.

Amen! Alleluya!

Na interpretación e elaboración dos diferentes programas, o grupo busca o máximo rigor histórico e conceptual, empregando nas súas interpretacións un amplo repertorio de instrumentos medievais e renacentistas. Ademais da súa actividade concertística, o grupo de Música Antiga 1500 desenvolve outro tipo de proxectos relacionados coa música, desde a súa concepción e deseño até a súa execución: bandas sonoras para audiovisuais (1500 prestou a banda sonora para a curtametraxe *Cadea Perpetua* ou o documental *O mariscal*, e a súa música ambientará o audiovisual das novas salas inauguradas no Museo do Pobo Galego), concertos, obradoiros e materiais didácticos para centros de ensino, conservatorios e escolas de música, e actividades formativas e divulgativas para adultos.

Desde a súa fundación, en 2005, o grupo leva ofrecido un gran número de concertos nos máis diversos escenarios de Galicia, España e Europa: Ciclo de Músicas na Compañía da USC, Ciclo de órgano de Xunqueira de Ambía, Semana Santa de Foz, Semana Santa de Ourense, Museo de Belas Artes da Coruña, Festival Espazos Sonoros, a Festa da Istoría de Ribadavia, Festival Internacional de Músicas da Itinerancia de Compostela, Música nas Ruínas de Pontevedra, Festa da Arribada de Baiona, Ciclo Monumenta, Igrexa de San Paulo de Narbona (Francia), Aste Nagusia de Bilbao, ciclo de concertos da Ribeira Sacra, As notas do pemento de Herbón, ou o Museo das Peregrinacións de Santiago. En 2014 foi convidado para actuar na clausura das celebracións, en Compostela, do VIII centenario da peregrinación de San Francisco. Formou parte ademais, do programa do I Ciclo de órgano de Vilanova de Famalicão (Portugal), do Festival Pórtico Sonoro, o ciclo Nexos da Cidade da Cultura e do festival de Música Antiga de Loulé, no Algarve. En 2017 realiza unha xira en Austria, en colaboración co grupo Rosarum Flores, actuando no ciclo de concertos de verán da localidade de Imst así como na catedral de Innsbruck, na Hofkirche da mesma cidade e en diferentes igrexas do Camiño de Santiago do Wipptal, na fronteira con Italia.

En 2020 gravou un CD para o libro *Venecia abandonada*, do poeta Eduardo Estévez, editado por Positivas en 2021, con músicas do Renacemento inspiradas e impresas na mítica cidade. Co proxecto Dous Mares ofreceu, en 2021, un concerto dentro do ciclo De Lugares e Órganos, en 2022 dentro do ciclo Espazos Sonoros e, en agosto de 2023, foi convidado a participar no Festival de Música Antiga e Colonial de Juiz de Fora en Minas Gerais, Brasil. No pasado outubro, o grupo participou no proxecto *Laudatio funebris no Reino da Galiza. Da morte, o pranto e o alén*, premiado pola Deputación provincial da Coruña dentro do certame “Fondos de proxectos culturais Reino de Galiza” da Deputación da Coruña.

## BELÉN BERMEJO LÓPEZ

Aos oito anos comeza os seus estudos de piano co mestre santiagués José María Paredes, para continuar a súa formación nos conservatorios de Santiago e A Coruña, amosando sempre especial interese polo canto. A mediados dos oitenta entra en contacto co mundo da música antiga da man de Miguel Ángel López Fariña, que a introduce no grupo de cámara do Instituto Rosalía de Castro, co que ofrece numerosos concertos por Galicia. Durante os seus estudos universitarios toma clases de canto coa soprano Mercedes Hernández e, en 1994, entra a formar parte do grupo Martin Codax, co que grava o disco *Por que trovar é cousa en iaz*. A partir de entón inicia un proceso de formación autodidacta na interpretación da música medieval e renacentista. Desde 2006 é membro estable do Grupo de Música Antiga 1500, co que actuou en Galicia, sur de Francia, Austria, Portugal e Brasil e, en 2014, funda o grupo Pres de Cambrai, orientado a proxectos que conxugan diferentes ámbitos artísticos, do que xorden montaxes como *O segredo do Pergamiño Vindel*, *100 anos de música para as cantigas de Martin Codax*, *Escoitar un libro* ou *Fóra do tempo*, en colaboración co músico e compositor Pablo Seoane.

Belén Bermejo é doutora en Dereito, especializada en protección xurídica do patrimonio cultural e Dereito da Cultura, e foi profesora nas Universidades da Coruña e Innsbruck. Desde 2003 dirixe a empresa Sirgo Torcendo, dedicada ao desenvolvemento de proxectos musicais e culturais. Traballou como axente de formacións nacionais e internacionais de música clásica e antiga e é promotora e directora artística de ciclos como o festival Espazos Sonoros, *De lugares e órganos* e o *Proxecto de Catalogación dos Órganos de Galicia*. Baixo o seu impulso xurdiron tamén o Salão Filosófico de Brión, *Chegar a Galicia, chegar ao mundo*, e codirixiu a serie documental *Corpo de vento, viaxe ao corazón dos órganos galegos*, así como os proxectos *Eu son de vos muito maravillado* e *Laudatio funebris*, premiados polo Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia da Deputación da Coruña. Desde 2022 é colaboradora analista do *Nós Diario*.



Lo plainz es de bona razo  
Qe Cercamonz tramet n'Eblo.  
Ai! com lo plaigno li Gasco,  
Cil d'Espaign' e cil d'Arago.  
Sant Jacme, membre·us del baro  
Que denant vos jai pelegris.



Ten un tema nobre o pranto  
que Cercamon envía a Eble.  
Ai!, como o choran o gascón,  
o español e o aragonés.  
Santiago, lembrádevos do barón  
que xace ante vós como peregrino.

(Tradución: Eva Moreda)

## Bernaldino e Sabeliña

Polo mundo me vou, madre,  
polo mundo a camiñar(e)  
en busca de Bernaldino  
que no o podo atopar(e).

Teus amores Bernaldino,  
por aquí me fan andar(e).  
colléronse polo brazo,  
Puxéronse a pasear(e).

E se foi de terra en terra  
e de lugar en lugar(e)  
topou unha lavandeira  
lavando nun areale.

En canto os vira a raíña  
aos dous mandara matar(e)  
a ella enterrana no coro,  
enterrano no altar(e).

-De Bernaldino señora  
Que novas me pode dar(e)?  
-Bernaldino, é da reina  
o paxeciño galan(e).

Dela naceu unha fonte,  
E del un verde olivar(e);  
Tanto crecen un e outro  
Que aos ceos foron chegar

Ao decir estas palabras  
Bernaldino a porta sae

Cando os ventos sopran mainos  
os dous se queren falar(e)  
Cando os ventos sopran recios  
os dous se queren bicar(e)

-Quen te trouxo aquí Sabela,  
Quen te trouxo a este lugar(e)?

Aqest segle teing per enic  
Qe·l paubre non aten ni·l ric.  
Ai! com s'en van tuit mei amic,  
E sai remanem tuit mendic.  
Pero sai ben q'al ver afic  
Seran li mal dels bos devis.

Gasco cortes, nominatiu,  
Perdut avez lo seignoriu,  
Fer vos deu esser et esqui,  
Don Jovenz se clama chaitiu,  
Qar un non troba on s'aiziu,  
Mas qan n'Anfos, q'a joi conquis.

Plagnen lo Norman e Franceis,  
E deu lo be plagner lo reis  
Cui el laisset la terr' e·l creis;  
Pos aitan grans honors li creis,  
Mal l'estara si non pareis  
Chivauchan sobre Serrazis.

Aqil n'an joja, cui que pes,  
De Limoze e d'Engolmes;  
Si el visques ni Deu plagues,  
El los agra dese conqes;  
Estort en son car Dieus lo pres,  
E·l dols n'es intratz en Aunis.

Teño este mundo por inxusto,  
que non atende ao pobre nin ao rico.  
Ai!, como marchan todos os meus amigos,  
e aquí quedamos todos os pobres.  
Pero sei ben que no Xuízo final  
os malos serán separados dos bos.

Gascóns corteses e renomeados,  
perdestes o voso señor:  
isto debe ser duro e doloroso.  
Por iso, a Xuventude se ten por cativa,  
porque non atopa onde meterse,  
non sendo canda Afonso,  
que conquistou o gozo.

Choran o normando e o francés,  
e tamén o debe chorar ben o rei,  
a quen deixou a terra e o herdeiro;  
tan grande honor recibiu o herdeiro  
que causará mala impresión  
se non se pon a cabalgar contra os sarracenos.

Senten ledicia, pese a quen lle pese,  
os do Lemosín e Angulema;  
Se el vivise e a Deus lle prouguese,  
teríaos conquistado nun momento;  
libráronse porque Deus o quixo,  
o loito entrou en Aunis.

## BERTA ARES

É violinista e fidulista especializada en música antiga e interpretación historicamente informada. Comezou os seus estudos de violín no Conservatorio Arturo Soria de Madrid e no Conservatorio Superior de Música de Aragón, continuándoos posteriormente na Schola Cantorum de Basilea. Alí estudou con Amandine Beyer repertorios que van do Renacemento ao Romanticismo, e con Baptiste Romain música medieval.

Colaborou con ensembles e orquestras de España, Suíza, Francia, Italia, Alemaña e Noruega, e actuou como solista con ARTEK (Nova York), Concert Idéal (París) e Capriccio Barockorchester (Basilea). Forma parte tamén do ensemble renacentista Cayreles, recentemente galardoado co primeiro premio no concurso Generación Smade de Estella. Ademais é co-directora artística do Ballarte Festival e do BallArte Ensemble, unha plataforma interdisciplinaria dedicada á investigación, creación e difusión de novas propostas escénicas no ámbito da música antiga.



## DAVID BELLAS

É titulado co grao profesional en Gaita Galega e superior en Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega con Matrícula de Honra (sendo a primeira outorgada nestes estudos). Gañou numerosos concursos tanto como gaiteiro solista como formando parte de diferentes grupos como o cuarteto O Chupacabras, Projecto de Foles ou Matamá Ensemble.

Foi profesor en diferentes escolas, asociacións e conservatorios ao longo do país, sendo actualmente profesor no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro. O seu traballo creativo céntrase na elaboración de materiais, tanto artísticos como didácticos,



que permitan crear unha nova linguaxe que ofrezca novas perspectivas coas que enfrontarse ao instrumento da gaita, sendo moitas das súas obras parte do temario obrigado nos principais conservatorios Galegos e Asturianos.

Colabora en todo tipo de proxectos onde a gaita poida estar presente, desde a música antiga até a contemporánea, a música tradicional ou a improvisación libre e é reclamado con asiduidade para impartir cursos e seminarios e relatorios, tanto en Galicia coma no resto da Península.

### ANDRÉS DÍAZ PAZOS

É doutor en Ciencias Físicas, profesor de música de secundaria, músico especializado na interpretación de música antiga e recoñecido investigador e divulgador no ámbito do patrimonio científico e da organaría galega. É fundador e director do Grupo de Música Antiga 1500 no que toca diversos instrumentos de vento e corda pulsada e co que leva ofrecido, desde 2005, máis de cen concertos en moi diversos escenarios. Membro do grupo Martín Códax, ademais de colaborador doutras formacións como Música Doméstica, Grupo de Cámara Universitario, Resonet, Coro Ultraia, Vox Stella, Il Combattimento ou Rosarum Flores Austria, é fundador tamén da capela de vento dos Menestreis de 1500 e do grupo Silva de Sons. En 2008 participou, por encargo da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, no equipo de catalogación dos órganos de Galicia e, froito destes traballos, realizou diversas publicacións en revistas especializadas, sobre a organaría galega.

É ademais impulsor de diversas iniciativas relacionadas coa divulgación da música antiga e a valorización do patrimonio organístico, principalmente a través do festival Espazos Sonoros, do ciclo O órgano da Compañía doutra maneira, organizado pola USC entre os anos 2008 e 2010, o ciclo De Lugares e Órganos ou o Salão Filosófico de Brión, nos que colabora como asesor musical.



### Lo plaing comenz iradamen

D'un vers don hai lo cor dolen;

Ir' e dolor e marrimen

Ai, car vei abaissar Joven:

Malvestatz puej' e Jois dissen

Despois muric lo Peitavis.

Remazut son li prez e·ill lau

Qi solon issir de Peitau.

Ai! com lo plagno li Barrau.

Peza·m s'a longas sai estau.

Segner, lo baro q'ieu mentau

Metetz, si·us platz, em paradis!

Del comte de Peitieu mi plaing

Q'era de Proeza compaing;

Despos Pretz et Donars soffraing,

Peza·m s'a lonjas sai remaing.

Segner, d'efern lo faitz estraing,

Qe molt per fon genta sa fis.

Glorios Dieus, a vos me clam,

Car mi toletz aqels qu'ieu am;

Aissi com vos formetz Adam,

Lo defendetz del fel liam

Del foc d'efern, qe non l'aflam,

Q'aqest segles nos escharnis.

### Comezo o pranto con tristura,

cun verso que enche o corazón de dor;

ira e dor e aflicción,

ai!, porque vexo menosprezada a Xuventude:

a Maldade cara arriba e Alegría cara abaixo

desde que morreu o de Poitou.

Estancáronse a excelencia e a gloria

que antes emanaban de Poitou.

Ai!, como o choran os de Bar!

Pésame ter que quedar moito tempo aquí.

Señor, o barón que nomeei,

levádeo, por favor, ao Paraíso!

Choro polo conde de Poitou,

que era compañeiro de Proeza;

desde que faltan o Mérito e a Xenerosidade,

pesaríame se tivese que quedar moito tempo.

Señor, non deixedes que vaia ao inferno,

porque fixo moito polo seu pobo.

Glorioso Deus, clamó a vós,

porque me quitastes aquel que amo;

así como vós creastes a Adán,

protexédeo das tristes ataduras

do lume do inferno: que non o inflame,

porque este mundo nos engana.